

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 24 de abril de 2026**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e cincuenta e un minutos do día 24 de abril do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz Del Cerro Del Río, Vicesecretaria Xeral, e está presente o Interventora, Susana Escaloni Varela.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36952.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de abril de 2026.

2.36953.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE NO ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2026010656)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2026.

Segundo.- A Vicepresidenta Segunda, en data 18 de marzo de 2026, dispuxo o inicio do expediente para a tramitación da convocatoria de subvencións dirixida aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolvan a súa actividade principal no ámbito inferior ao estatal durante o ano 2026.

Terceiro.- En data 16 de abril de 2026 emitíuse o informe xustificativo relativo á convocatoria de subvencións dirixidas aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolvan a súa actividade principal en ámbito inferior ao estatal durante o ano 2026.



Cuarto.- A Intervención da Deputación fiscalizou favorablemente, en data 17 de abril de 2026, as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolvan a súa actividade principal en ámbito inferior ao estatal durante o ano 2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións dirixida aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolvan a súa actividade principal no ámbito inferior ao estatal durante o ano 2026.

A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da actividade deportiva das entidades beneficiarias durante o período subvencionable que determinen as entidades no momento da solicitude, que poderá referirse á tempada deportiva 2025-2026 e/ou ao ano natural 2026, segundo a modalidade.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrência competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 700.000,00 euros, que se financiarán con cargo á aplicación 26/340.3410.489.23 do Orzamento provincial para o ano 2026.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras das subvencións dirixida aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolvan a súa actividade principal no ámbito inferior ao estatal durante o ano 2026, co seguinte texto literal:

***BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL NO ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL PARA O ANO 2026***

*O deporte e a actividade física constitúen unha dimensión esencial para a calidade de vida da cidadanía pola súa contribución ao benestar persoal e colectivo, á cohesión social, á transmisión de valores e ao impulso económico e territorial. O modelo deportivo atópase, ademais, en continua evolución, con cambios que están a incrementar a práctica deportiva e a súa proxección social, polo que resulta necesario reforzar as medidas públicas que faciliten o acceso e fomenten a participación da poboación en condicións de igualdade.*

*A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Deportes, mantén como obxectivo estratéxico o fomento do deporte e o apoio ao tecido deportivo da provincia, no marco da súa orientación e compromiso institucional coa “**provincia do deporte**”, especialmente no ámbito do deporte de base e dos clubs deportivos, que sosteñen unha parte fundamental da práctica físico-deportiva no territorio.*

*Neste marco, a institución provincial impulsa unha liña de subvencións dirixida a clubs deportivos sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra, co fin de colaborar no financiamento dos gastos derivados da súa actividade habitual de ámbito inferior ao estatal, e incorpora unha liña específica para os clubs deportivos que participan cun equipo na competición de fútbol Preferente Galicia.*

*Con estes antecedentes, considérase oportuno darlle continuidade a esta liña de axudas, xa que constitúe un instrumento relevante para desenvolver e fomentar o deporte de base e favorecer a práctica físico-deportiva como elemento de saúde, inclusión, participación e ocupación activa do tempo de lecer no conxunto da provincia.*

*Desde o punto de vista competencial, de acordo coa Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelles ás deputacións fomentar, promover e difundir o deporte na provincia, así como facilitar a súa práctica, coa finalidade de contribuír á mellora da condición física e ao benestar da poboación. Do mesmo xeito, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, reconécese o carácter esencial do deporte e da actividade física e o dereito de todas as persoas á práctica deportiva e salientase o papel das administracións públicas na súa promoción.*

*Así mesmo, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial; e, no ámbito autonómico, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúenselles ás deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no 118.d, entre outras funcións, a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento da cultura, da educación e do deporte.*



En virtude do exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que desenvolven a súa actividade principal no ámbito inferior ao estatal e, especificamente, aos clubs deportivos cun equipo en fútbol en Preferente Galicia, para o ano 2026, de acordo coas seguintes

## **BASES**

### **Primeira. Obxecto**

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan con algún equipo ou deportista en competicións e actividades de ámbito inferior ao estatal e a clubs que estean presentes na competición de fútbol Preferente Galicia.

A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da actividade deportiva das entidades beneficiarias durante o período subvencionable que determinen as entidades no momento da solicitude, que poderá referirse á tempada deportiva 2025-2026 e/ou ao ano natural 2026, segundo a modalidade.

### **Segunda. Entidades beneficiarias**

Poderán beneficiarse desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións e actividades de ámbito inferior ao estatal e os que participen na competición de fútbol Preferente Galicia, conforme a unha das seguintes liñas:

- **Liña 1:** participación en competicións e actividades de ámbito inferior ao estatal.
- **Liña 2:** participación na competición de fútbol Preferente Galicia.

Non poderán beneficiarse as entidades nas que conorra algunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 da LXS, así como nas disposicións concordantes da normativa autonómica de aplicación.

Tampouco poderán resultar beneficiarias aquelas entidades que teñan pendente de xustificar, con prazo vencido, axudas concedidas no exercicio anterior no marco do mesmo programa.

No caso das entidades beneficiarias da liña 1, a acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra poderá realizarse mediante a declaración responsable incluída na solicitude, sen prexuízo das comprobacións que poida efectuar a Deputación e da posibilidade de requirir, no seu caso, a presentación das certificacións correspondentes.

### **Terceira. Financiamento e distribución orzamentaria**

A concesión das subvencións reguladas nestas bases estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e concederase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.23 do Orzamento da Deputación correspondente ao exercicio de 2026, por un importe máximo total de setecentos mil euros (700.000,00 €).

A distribución inicial do crédito por liñas será a seguinte:

- **Liña 1,** para clubs deportivos cuxa actividade principal se desenvolva no ámbito inferior ao estatal .....640.000,00 €.



- *Liña 2, para clubs deportivos que participen cun equipo na competición de fútbol Preferente Galicia ..... 60.000,00 €. Esta cantidade poderase incrementar nun máximo dun 25 % do importe total con base nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*

*O importe deste aumento dependerá dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención. Este incremento deberá publicarse antes da resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria e indicarse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.*

*En ningún caso, a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases ou, de ser o caso, nas súas posibles modificacións.*

#### **Cuarta. Réxime xurídico**

*As subvencións reguladas nestas bases tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.*

*O procedemento rexerese por estas bases e pola normativa básica estatal en materia de subvencións, pola normativa autonómica de subvencións de Galicia, pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra vixente e pola normativa xeral de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público.*

*Así mesmo, no relativo á ordenación da actividade físico-deportiva, ao réxime e funcionamento das entidades deportivas e ao desenvolvemento da práctica deportiva no ámbito territorial correspondente, será de aplicación a normativa deportiva estatal e autonómica vixente, así como as disposicións regulamentarias e demais normas de desenvolvemento que resulten pertinentes en función da natureza das actuacións subvencionadas.*

*En todo o non previsto nas normas anteriores, aplicaranse de forma supletoria as restantes disposicións do ordenamento xurídico que resulten pertinentes segundo a natureza das actuacións.*

#### **Quinta. Gastos subvencionables**

*Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios para a súa realización e se realicen dentro do período subvencionable elixido pola entidade na solicitude, que deberá optar entre a tempada deportiva 2025-2026 (cando a modalidade sexa de tempada partida) ou o ano natural 2026 (cando a modalidade sexa anual); esta elección terá carácter vinculante para a imputación e xustificación dos gastos e non se admitirán gastos correspondentes a un período distinto ao seleccionado.*

*En particular, serán subvencionables os gastos directamente vinculados á actividade físico-deportiva da modalidade ou modalidades que desenvolva a entidade, de acordo coa relación de gastos subvencionables que figura a continuación:*

- **Gastos federativos.** *Os que correspondan a gastos emitidos polas federacións deportivas ou similares da actividade deportiva subvencionada.*



- **Gastos de competición e adestramento.** Os correspondentes a desprazamentos, aloxamento, manutención, participación, alugueiro de instalacións deportivas, quilometraxe ou calquera outro necesario para asistir ou participar nas competicións ou nos adestramentos da actividade deportiva subvencionada.
- **Gastos de persoal.** Os relacionados con soldos, salarios ou retribucións, unicamente das e dos deportistas, técnicos, adestradores ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada.
- **Gastos de material deportivo.** Os que correspondan á vestimenta e ao equipamento deportivo non inventariable, así como á reparación e ao mantemento do material deportivo necesario para a práctica deportiva subvencionada.
- **Gastos sanitarios.** Os relacionados coa saúde das e dos deportistas no desenvolvemento da actividade deportiva subvencionada.

#### **Outras normas para ter en conta:**

- Quedan excluídos, entre outros, os gastos derivados de seguros, asesorías, telefonía, ITV, así como calquera outro que non teña relación coa práctica da actividade deportiva subvencionada.
- En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.
- Salvo disposición expresa na que se indique o contrario, poderase considerar como gasto subvencionable aquel feito e xustificado, aínda que non estea pagado, antes de presentar a xustificación, sempre que se realice no prazo máximo dun (1) mes desde que se lle aboe a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.
- Non se considerarán gastos subvencionables os que superen o importe de novecentos euros (900,00 €) e non se paguen por medio dunha entidade financeira. Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non conten con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionables aqueles que non se realicen por medio dunha entidade financeira.
- En caso de que se subvencionen actividades non profesionais, servirá de xustificante o recibo no que se acredite a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, o concepto, a data, o importe e o xustificante de que se realizou, se procede, a correspondente retención fiscal.
- En caso de compensacións por desprazamentos en vehículos privados, estableceranse sobre a base das tarifas aboadas por quilómetro, segundo a normativa vixente.

#### **Sexta. Lugar de presentación de solicitudes**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Soamente se admitirá unha solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

#### **Sétima. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



### **Oitava. Comprobación de datos**

Para tramitar este procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes.
- DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade deportiva.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda autonómica galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

### **Novena. Documentación**

As entidades solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- **Certificado ou certificados federativos (anexo I).** Certificación oficial expedida pola federación ou federacións correspondentes na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos nas bases.
  - Aquelas entidades de modalidades deportivas que desenvolvan a súa actividade no ano natural poderán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración xurada na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos nas bases. En todo caso, deberán presentar o certificado federativo no prazo de dez (10) días desde a notificación da proposta de resolución provisional. En caso de presentar un menor número de licenzas, reducirase o importe da subvención proporcionalmente (de achegarse máis licenzas, teranse en conta as declaradas coa solicitude).

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas entregase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

### **Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas**

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.



Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian empregar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramites:xenericos>

### **Décimo primeira. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común; estas practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío electrónico non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Décimo segunda. Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrència competitiva; é dicir, mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases e na convocatoria, e concederánselles ás solicitudes que obteñan maior puntuación, con cargo ao crédito dispoñible.

O importe individual das subvencións determinarase en función da puntuación obtida conforme aos criterios de valoración e ao sistema de distribución previsto na convocatoria; establecerase un importe máximo por entidade en cada liña e, en todo caso, a axuda non poderá superar o 80 % do orzamento presentado coa solicitude. Realizada a asignación inicial, de existir crédito sobrance como consecuencia da aplicación dos límites anteriores, este redistribuirase mediante reparticións sucesivas entre as solicitudes beneficiarias que non acadasen os devanditos límites, e aplicarase o mesmo criterio de distribución, ata esgotar o crédito ou ata que todas as solicitudes beneficiarias acaden os límites establecidos.

Os importes máximos de subvención por entidade serán os seguintes:

<b>Liña 1: ámbito inferior ao estatal.....</b>	<b>3.000,00 €</b>
<b>Liña 2: fútbol Preferente Galicia .....</b>	<b>6.000,00 €</b>



No caso de que, tras a aplicación dos criterios e límites, non se esgotase o crédito asignado a unha liña, o remanente poderá incorporarse á outra liña para a súa distribución.

### **Décimo terceira. Criterios de valoración**

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para calcular os importes, estableceranse os criterios do orzamento achegado coa solicitude e do certificado federativo (anexo I); seguirase a seguinte ponderación:

<b>Criterios de valoración específicos</b>	<b>Ponderación</b>
<b>Orzamento da finalidade subvencionada</b>	50 %
<b>Licenzas federativas</b>	50 %
<b>Total</b>	100 %

#### **1) Determinación dos puntos:**

O procedemento para determinar os puntos acadados por cada entidade determinarase mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos de cada entidade} = (\text{Ov} * 50 / \text{Sto}) + (\text{Lf} * 50) / \text{Slf}$$

*Ov*: orzamento valorado

*Sto*: sumatorio do total de orzamentos valorados

*Lf*: puntuación acadada por licenzas federativas

*Slf*: sumatorio das puntuacións totais das licenzas federativas

Orzamentos máximos valorados:

- Máximo valorado en ámbito inferior ao estatal.....3.000,00 €
- Máximo valorado en Preferente Galicia.....10.000,00 €

#### **2) Cálculo da puntuación a través das licenzas federativas:**

Licenzas totais da entidade	1 punto/ licenza
Licenzas formativas (categorías de base ata os 16 anos)	1 punto/ licenza
Licenzas femininas	1 punto/ licenza
Licenzas de deporte adaptado	10 puntos/ licenza
Licenzas de técnicos ou adestradores	
➤ Nivel 3	5 puntos/ licenza
➤ Nivel 2	3 puntos/ licenza
➤ Nivel 1	1 punto/ licenza
Licenzas de técnicas ou adestradoras	
➤ Nivel 3	7 puntos/ licenza
➤ Nivel 2	5 puntos/ licenza
➤ Nivel 1	3 puntos/ licenza



### **3) Cálculo do valor do punto das axudas das subvencións:**

O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado á modalidade entre 100.

### **4) Cálculo do importe das subvencións:**

O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.

### **Décimo cuarta. Instrución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes.

Comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe-proposta da xefa ou xefe de servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, se explique o sistema de valoración seguido, se relacionen as solicitudes por orde e se sinala a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.
- Fiscalización dos expedientes por parte da Intervención.
- Informe-proposta por parte da Comisión de Valoración, que estará composta por:
  - Presidenta ou presidente: a xefa ou xefe do Servizo de Deportes.
  - Vogal: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes.
  - Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes.
- Unha vez examinados os expedientes e o informe-proposta, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que se lles notificará ás entidades interesadas mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. As entidades disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación, para presentar os certificados federativos (aquelas entidades que presentasen unha declaración xurada no momento da solicitude), alegacións ou a renuncia á subvención proposta. En caso de non haber modificacións, a proposta elevarase a definitiva.
- Informe-proposta dos expedientes que presenten alegacións ou renuncias.
- Proposta de resolución definitiva. Logo de examinadas as alegacións e as posibles renuncias, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos da súa exclusión.
- As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.
- Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.

### **Décimo quinta. Resolución do procedemento**

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento por concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Ademais, publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra.



O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

#### **Décimo sexta. Compatibilidade e incompatibilidade**

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no artigo 17.3 da LSG, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a entidades deportivas da provincia de Pontevedra de ámbito estatal, de ámbito náutico, e coas consignadas nominativamente no Orzamento para o ano 2026 da Deputación de Pontevedra.

#### **Décimo sétima. Procedemento de xustificación e pago**

As entidades deberán xustificar que cumpren a finalidade, acadan os obxectivos, aplican os fondos e as demais obrigas impostas coa concesión da subvención.

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOPPO. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de xaneiro de 2027.

Para a xustificación, as entidades beneficiarias deberán presentar, obrigatoriamente por medios electrónicos e a través do modelo normalizado, a seguinte documentación:

##### **- Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos**

Na xustificación de gastos relacionaranse os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude:

- En caso de que se xustifiquen gastos por un importe igual ou superior ao do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % e iguais ou superiores ao 50 % do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 50 % do orzamento presentado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.
- Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
- En caso de que se precisase detallar máis facturas, utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).



*Na xustificación de ingresos relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase que o importe das subvencións concedidas por outros entes públicos e os fondos propios ou privados para a actividade subvencionada non superaron o importe total dos gastos para a dita actividade.*

*En caso de que coa suma da subvención concedida e dos ingresos doutras subvencións ou axudas as entidades deportivas superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención para que non se supere o custo da actividade subvencionada.*

**- Xustificación con facturas**

*As entidades beneficiarias presentarán facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.*

**- Anexo IV. Memoria de publicidade**

*Memoria na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención, por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.*

- *En caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, o Servizo de Deportes poderá establecer unha dedución máxima de ata o 10 % sobre o importe da subvención. Para a imposición destas deducións non será preciso tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención; o pago desta farase descontando o importe da dedución do importe concedido.*
- *A falta de xustificación total das medidas de difusión dará lugar á perda total do dereito ao cobro da subvención.*

*Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:*

- *Os gastos presentados na conta xustificativa deberán pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. En caso de que a entidade deportiva non dispuxese de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.*
- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e mais a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de 900,00 euros implicará que este se considere non subvencionable.*
- *En caso de entidades que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda do dereito a cobrar a subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.*

*O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude, que deberá estar a nome da entidade beneficiaria.*



Para aboar a subvención, as entidades beneficiarias deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra. No caso das subvencións da liña 1, a acreditación deste cumprimento poderá realizarse mediante a declaración responsable recollida no anexo II.

### **Décimo oitava. Obrigas en materia de publicidade e deducións por incumprimento**

As entidades beneficiarias destas axudas deberán levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión e publicidade para cumprir coas condicións establecidas. O incumprimento das medidas podería establecer deducións dunha porcentaxe da subvención concedida, segundo se detalla a continuación:

#### 1. Roupa e equipamento de competición e adestramento (dedución máxima do 5 % en caso de incumprimento):

<b>Inclusión do logo</b>	<b>Entidades da liña 1 &gt; 1.500 €</b>	<b>Entidades da liña 2</b>	<b>Dedución por incumprimento</b>
<b>Roupa de competición</b>	Inclusión do logotipo da Deputación	Inclusión do logotipo da Deputación	- Se non ten logo, un 3 %
<b>Roupa de adestramento ou viaxe</b>	Opcional	Inclusión do logotipo da Deputación	- Se non ten logo, un 1 %
<b>Roupa de competición do resto de equipos</b>	Opcional	Obrigatorio se estivese presente calquera outra Administración	- Se non ten logo, un 1 %

#### 2. Espazos físicos e dixitais (dedución máxima do 5 % en caso de incumprimento):

- Entidades deportivas con instalacións: as entidades deportivas que leven a cabo a súa actividade deportiva nunha instalación (pavillóns, pistas, piscinas etc.) deberán colocar un número mínimo de lonas publicitarias nas súas instalacións, en lugares estratéxicos nos que se asegure a súa visibilidade durante as competicións e adestramentos. Ademais, deberán garantir a presenza dixital da Deputación na páxina web e nas redes sociais oficiais da entidade.

<b>Espazos físicos e dixitais</b>	<b>Entidades da liña 1 &gt; 1.500 €</b>	<b>Entidades da liña 2</b>	<b>Dedución por Incumprimento</b>
<b>Lonas publicitarias</b>	Mínimo de 1 lona 3 x 1 m	Mínimo de 2 lonas 3 x 1 m	- Por cada lona que non estea colocada, un 2 %
<b>Páxina web e redes sociais</b>	Deberá estar na páxina web e redes sociais	Deberá estar na páxina web e redes sociais	- Se non está, un 1 %

- Entidades deportivas sen instalación: as entidades deportivas que leven a cabo a súa actividade deportiva fóra dunha instalación (ciclismo, automobilismo, trail...) deberán incluír o logotipo da Deputación nos vehículos de competición e nos vinculados á entidade. Ademais, garantirán a presenza dixital da Deputación na páxina web e nas redes sociais oficiais da entidade.



<i>Espazos físicos e dixitais</i>	<i>Entidades da liña 1 &gt; 1.500 €</i>	<i>Dedución por incumprimento</i>
<b>Vehículos da entidade</b>	<i>Inclusión do logotipo da Deputación</i>	- Se non está, un 2,5 %
<b>Páxina web e redes sociais</b>	<i>Deberá estar na páxina web e redes sociais</i>	- Se non está, un 2,5 %

*En caso de incumprimento das medidas publicitarias establecidas, as entidades deberán presentar unha xustificación detallada na que se expliquen as razóns deste. Esta xustificación será avaliada pola entidade subvencionadora e poderá dar lugar a unha revisión da axuda. Así mesmo, se as entidades deportivas levan a cabo outras accións publicitarias adicionais non contempladas nestas bases, deberán garantir que a Deputación, do mesmo xeito que outras administracións públicas que participen, sexa incluída nas devanditas accións publicitarias, respectando sempre o principio de proporcionalidade en función da achega de cada Administración.*

*No caso das subvencións de menos de mil cincocentos euros (1.500,00 €), só se terá que xustificar a difusión por medio dalgún dos apartados antes citados.*

*Todos os gastos derivados da produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.*

*De non incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, debido ás características da modalidade deportiva ou a calquera outra circunstancia, deberase propoñer unha alternativa, que será estudada polo Servizo de Deportes, para posteriormente propoñer a súa aprobación ou unha dedución da subvención.*

*A Deputación de Pontevedra poñerá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) (área de descargas).*

*As entidades solicitantes deberán ter en conta para futuras actuacións estas medidas de difusión á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra medida.*

### **Décimo novena. Obrigas das entidades beneficiarias**

*Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir:*

- *As medidas de publicidade e difusión, nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases.*
- *Os demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións.*
- *As entidades beneficiarias deberán aprobar a liquidación da tempada. O acordo deberá aprobalo a asemblea ou o órgano competente da entidade deportiva, e deberanse indicar de xeito expreso no acordo e con carácter mínimo o importe total dos gastos e dos ingresos e o resultado da tempada. Ao abeiro do disposto no artigo 56 da LXS, o incumprimento desta obriga formal será considerado como infracción leve, aspecto que se comprobará posteriormente en caso dun control financeiro.*

### **Vixésima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención**

*As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.*



*Perderase o dereito a cobrar a subvención, total ou parcialmente, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgũa das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:*

- *Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.*
- *Por incumprir as obrigas de xustificación.*
- *Por incumprir as obrigas relativas ás medidas de difusión do financiamento público recibido.*
- *Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.*

### **Vixésimo primeira. Control financeiro**

*A entidade beneficiaria, de acordo co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro (4) anos, contados desde o pago da subvención, e indícaráselle que, en caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe destes).*

*O control financeiro fará referencia a todos os gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables presentados coa solicitude, así como o resto de gastos que a entidade estime imputables á tempada (posibles gastos que non se reflecten na solicitude).*

*Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables co total de gastos e de ingresos; en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme á lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.*

*É importante determinar o inicio e a finalización da tempada e os gastos e ingresos que se lle imputan, especialmente en caso de que existan outras actividades complementarias, compatibles co seu obxecto social, de carácter industrial, comercial ou de servizos, e destinar os seus bens ou recursos a estes obxectivos (como poden ser escolas deportivas, eventos, campos deportivos...). Estas actividades deberán reflectirse nos libros contables de maneira independente e, en caso de que a entidade presentase un balance anual positivo, quedará reflectido a que actividade se imputa ese superávit.*

### **Vixésimo segunda. Órgano de aprobación**

*De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento vixente e no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.*

### **Vixésimo terceira. Dereito supletorio**

*Para o non disposto nestas bases, contemplantase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

### **Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria**

*Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.*

*Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.*



### ***Vixésimo quinta. Protección de datos***

*Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.*

*A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.*

*Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.*

*As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.*

### 3.36954.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PARA O ANO 2026 (EXPTE. 2025080613)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026, aprobou entre outros asuntos, as e subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2026 (BOPPO núm. 24 de 5 de febreiro de 2026).

Pola citada convocatoria, esta institución concederá axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a:

- a. Creación dos servizos de normalización lingüística
- b. Mantemento dos servizos de normalización lingüística
- c. Reforzo dos servizos de normalización lingüística

A concesión destas subvencións está suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, convocándose con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2026. Esta aplicación conta cunha dotación inicial de douscentos mil (200.000,00) euros para a creación, mantemento e reforzo das citadas liñas de subvención.

De acordo coa base sétima da convocatoria, as contías máximas subvencionables para cada unha das modalidades subvencionables son as que se recollen a continuación:

1. Creación do Servizo de Normalización Lingüística



A Deputación achegaralle a cada entidade solicitante (concello, mancomunidade, entidade local menor ou agrupación de concellos) o 100 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de creación do Servizo, ata un máximo de trinta e cinco mil (35.000) euros, co compromiso adquirido de manter o devandito servizo nas dúas anualidades seguintes, e de dotalo nos seus orzamentos económicos coas cantidades correspondentes polas porcentaxes restantes do seu custo salarial.

## 2. Mantemento e reforzo do Servizo de Normalización Lingüística

A Deputación achegaralle a cada entidade solicitante o 80 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de mantemento do servizo, ata un máximo de vinte cinco mil (25.000,00) euros.

Recíbense en prazo un total de 10 solicitudes dos concellos da provincia que se relacionan, das que unha solicita a subvención para a creación do Servizo de Normalización Lingüística e as 9 restantes solicitan a subvención para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

Revísanse a totalidade dos expedientes, para segundo o caso, notificarlle os interesados os defectos e/ou omisións detectados para a súa subsanación no prazo improrrogable de dez días, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co 23.5 da lei 38/2003, xeral de subvencións.

Desestímase o expediente 2026016338 do Concello do Porriño por non cumprir coa base terceira (Finalidade): c) Mantemento dun servizo: dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións. Esta modalidade comprende os servizos lingüísticos que como mínimo estivesen en funcionamento desde xaneiro e ata o mes de outubro do ano inmediatamente anterior á publicación desta orde e retomasen a súa ocupación dentro do primeiro trimestre da convocatoria anual.

Tal como recolle a base cuarta da convocatoria, se o orzamento para esta convocatoria non fose suficiente para asignarlles ás peticións solicitadas, atenderanse aos seguintes criterios automáticos de adxudicación:

- En primeiro lugar, atenderase a solicitude realizada para a creación do SNL (Concello de Mos)
- En segundo lugar, atenderanse as solicitudes para o mantemento ou o reforzo do SNL coa repartición do crédito dispoñible entre as entidades solicitantes desta liña, rateando, se é o caso, o importe global restante destinado a estas (Concellos da Caniza, A Estrada, Moaña, Pontearreas, Redondela, Salceda de Caselas, Valga e Vilagarcía de Arousa).

Con data 26 de marzo de 2026, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos emite informe para fiscalización previa das 9 solicitudes recibidas en prazo para o programa indicado, con CSV: Y7LDW2UYV5W21KC6, en virtude do disposto na base décimo cuarta: Instrución e resolución do procedemento da bases de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra anteriormente citadas.

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese pola área de Intervención con data 13 de abril de 2026, informe favorable (CSV: TJSIZ27NRC47B6YT) sobre existencia de consignación, por un importe de 200.000,00 €, con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do Orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2026.

## RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

No artigo 4.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Pola súa banda, no artigo 7.1 da LALG dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.” Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.”



No ámbito local, no artigo 36.1.d da LRBRL establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2026 que figuran a continuación:

Expediente	NIF/CIF	Entidade	Asunto	Orzamento	Solicitado	Asignado	%
2026016337	P3600900I	CONCELLO DA CANIZA	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	39.387,48 €	25.000,00 €	20.625,00 €	52,36
2026016325	P3601700B	CONCELLO DA ESTRADA	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	51.458,04 €	25.000,00 €	20.625,00 €	40,08
2026016324	P3602900	CONCELLO DE MOAÑA	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	59.937,30 €	25.000,00 €	20.625,00 €	34,41
2026016344	P3603300I	CONCELLO DE MOS	CREACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	35.763,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €	97,87
2026016302	P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	40.891,28 €	25.000,00 €	20.625,00 €	50,44
2026016322	P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	49.386,92 €	25.000,00 €	20.625,00 €	41,76
2026016341	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	35.959,70 €	25.000,00 €	20.625,00 €	57,36
2026016329	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	39.423,38 €	25.000,00 €	20.625,00 €	52,32



2026016332	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	46.520,76 €	25.000,00 €	20.625,00 €	44,34
------------	-----------	----------------------------------	--	-------------	-------------	-------------	-------

- Desestimar as solicitudes de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra, para o ano 2026 que figuran a continuación:

Expediente	NIF/CIF	Entidade	Asunto	Motivo exclusión
2026016338	P3603900F	CONCELLO DO PORRIÑO	MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Incumprir o establecido na base Terceira. Finalidade: c) Mantemento dun servizo: dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións. Esta modalidade comprende os servizos lingüísticos que como mínimo estivesen en funcionamento desde xaneiro e ata o mes de outubro do ano inmediatamente anterior á publicación desta orde e retomasen a súa ocupación dentro do primeiro trimestre da convocatoria anual.

4.36955.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE MELLORA DOS CAMPOS MUNICIPAIS DE FÚTBOL DAS PISTAS DO KENIATA” (EXPTE. 2025082147)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cangas de Morrazo o importe que lle corresponde é de 242.977,12€.



- En data 22/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025086693 ) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 242.977,12€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proxecto de mellora dos campos municipais de fútbol das pistas do Keniata”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 08/04/2026.
- Así mesmo o 10/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 10/04/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Cangas de Morrazo relativa ao financiamento do investimento denominado “Proxecto de mellora dos campos municipais de fútbol das pistas do Keniata” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 242.977,12 €.



O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Cangas de Morrazo, CIF P3600800A a cantidade de 242.977,12 € con destino ao financiamento do investimento “Proxecto de mellora dos campos municipais de fútbol das pistas do Keniata” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Cangas de Morrazo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.36956.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (EXPTE. 2026027360)

## ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO					
Data de presentación:		31/03/2026 (registro WEB2026026317)			
Data emenda da solicitude:		08/04/2026 (registro WEB2026029957)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	2 oficial/a condutor/a de emerxencias, 5 peóns de limpeza viaria e 2 peóns de limpeza de edificios públicos a xornada completa durante 6 meses	157.104,38 €	153.331,01 €	3.773,37 €	153.331,01 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CANGAS DE MORRAZO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	237.950,65 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:



- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida



exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: WUFWGYRSYKVYW4IP) e do informe de Intervención (CSV: F1G1CQD918F21VMC), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Cangas de Morrazo (CIF P3600800A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LÍÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Cangas de Morrazo (P3600800A)	9	2 oficial/a condutor/a de emerxencias, 5 peóns de limpeza viaria e 2 peóns de limpeza de edificios públicos a xornada completa durante 6 meses	153.331,01 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.



- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

6.36957.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA NA INSTALACIÓN HIDRÁULICA DA PISCINA MUNICIPAL” (EXPT. 2026000658)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Dozón o importe que lle corresponde é de 81.193,66€.
- En data 05/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000534) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 81.193,66€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora na instalación hidráulica da piscina municipal”, cun orzamento de 96.269,05€ dos cales 81.193,66€ son subvencionables e 15.075,39€ da achega municipal.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.



- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/03/2026.
- Así mesmo, o 17/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable con data 14/04/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Dozón relativa ao financiamento do investimento denominado “Mellora na instalación hidráulica da piscina municipal” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 81.193,66 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Dozón, CIF P3601600D a cantidade de 81.193,66 € con destino ao financiamento do investimento “Mellora na instalación hidráulica da piscina municipal” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, ”, cun orzamento de 96.269,05€ dos cales 81.193,66€ son subvencionables e 15.075,39€ da achega municipal.



A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Dozón, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.36958.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 – LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE ESPAZOS NO CONCELLO DA ESTRADA” (EXPTE. 2026004478)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Logo da xustificación do investimento subvencionado ao abeiro do Plan + Provincia 2024 – Liña 4, conséntase un remanente a favor do *concello da ESTRADA* que importa 8.167,50 euros tal e como se reflicte na seguinte táboa:

INVESTIMENTO	Nº EXPEDIENTE	REMANENTE
Redacción proxecto _ Peonización da Praza da Farola	2024019151	8.167,50

- Mediante resolución presidencial RP2026003001 de data 16/04/2026 autorízase deixar en dispoñible a baixa teórica de adxudicación da actuación “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS RURAIS” (expediente 2024020190) que importa 60.600,02 euros, trala petición formulada polo Concello de querer aplicar esta baixa na financiación dun novo investimento.
- Mediante resolución presidencial RP2026003002 de data 16/04/2026 autorízase deixar en dispoñible a baixa teórica de adxudicación da actuación “CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS RURAIS” (expediente 2024026510) que importa 19.390,02 euros, trala petición formulada polo Concello de querer aplicar esta baixa na financiación dun novo investimento.
- Neste contexto, en data 27/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026005007), ao abeiro do Plan + Provincia 2024, petición do *concello da ESTRADA* na que solicita que o remanente ao seu favor (por baixa definitivas e baixas teóricas), en concreto, a cantidade que ascende a 88.157,54 euros, se destine ao financiamento do investimento “MELLORA DE ESPAZOS NO CONCELLO DA ESTRADA”, cun orzamento polo mesmo importe de 88.157,54 euros.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico de Cooperación de data 30/03/2026.

Na data de presentación da solicitude de subvención o informe do técnico municipal e redactor do proxecto, contempla á necesidade de presentación dunha declaración responsable ante Augas de Galicia.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

## PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 30ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que permite a aplicación das baixas no financiamento de novos investimento sempre que o importe acumulado da baixa e do proxecto sexa igual ou superior a 10.000,00 euros.



- Base 31ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que lexítima que o concello poderá pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación ou a certificación liquidación e á xustificación total do investimento.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 30/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 16/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Estrada* nIF P3601700B, por reinvestimento de baixa, a cantidade de 88.157,54 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE ESPAZOS NO CONCELLO DA ESTRADA” (expediente: 2026004478) en base a un orzamento polo mesmo importe de 88.157,54 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45.2024 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 30 de setembro de 2026 e xustificado o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello da Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.36959.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES DO CAMPO DE FÚTBOL RAMÓN DIÉGUEZ” (EXPTE. 2025082580)

## ANTECEDENTES



- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.25.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Pontecesures o importe que lle corresponde é de 94.417,28 €.
- En data 26/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación dunha petición do Concello (núm. Rexistro WEB2025087248), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 94.417,28 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Obras de adecuación e mellora das edificacións auxiliares do campo de fútbol Ramón Diéguez”, cun orzamento de 128.076,71 €, dos cales 121.421,71 € son de execución de obra, 6.655,00 € de honorarios e 33.659,43 euros da achega municipal que se financiará con cargo o plan máis provincia 2026-2027(anualidade 2026). A presente subvención debe quedar condicionada a presentación do acordo ou a resolución de aprobación do proxecto, así como a correspondente autorización sectoriais de Patrimonio, que a remitirá a Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/03/2026.
- Así mesmo, o 17/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable con data 13/04/2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

##### Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

##### Resolución do expediente

- Base 32ª do Plan + Provincia 2024, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 17/03/2026 e do Xefe do Servizo de Cooperación de data 17/03/2026, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 09/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento denominado “AMPLIACION DE LAS REDES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO EN LA ZONA DE BON DE ABAIXO -FASE I” (exp.: 2024020222), do concello de BUEU cun orzamento de 462.035,63 €, correspondendo 454.150,53 € á execución de obra e 7.885,10 € ós honorarios de redacción de proxecto.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 23.33751, do día 03/05/2024, permanecerá invariable.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 30 de setembro de 2026 e xustificado o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao Concello de BUEU, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.36966.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS)". (EXPTE. 2025041699)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre integramente polo termo municipal de Mos.



Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”.

Resultando.- Que con data 29/11/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación e o Concello de Mos mediante a achega das seguintes cantidades:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.216.091,25 euros	80
Concello de Mos	304.022,81 euros	20
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>1.520.114,06 euros</b>	<b>100</b>

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, o proxecto de execución da obra “ Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos), cun orzamento base de licitación de o proxecto de 1.520.114,06 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: NHNPUNQB7DEYNFF.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)”.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “ Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos), redactado pola enxeñeira Dona Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 1.520.114,06 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: NHNPUNQB7DEYNFF

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8OTQZU4N4B3LLFW9, informe do Secretario Xeral da Deputación no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 5MZ0JSFH5F6EW93E, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adjudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adjudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)*” cun orzamento base de licitación de 1.520.114,06 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.256.2992,61 euros
IVE (21%).....	263.821,45 euros
Importe Total.....	1.520.114,06 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): QH56OFDSMEJDT98M, e de prescricións técnicas con código (CSV) NHNPUNQB7DEYNFF, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.520.114,06 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

16.36967.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2025". (EXPTE. 2025032340)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/07/2025 acordou adxudicar Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de “Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., (CIF B15410608) por importe de 665.125,49 € IVE engadido e un prazo de execución de SEIS (6) MESES

Resultando.- Que Con data 04/08/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 04/02/2026.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/02/2026 conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación de prazo de SETENTA E OITO (78) DÍAS, na execución do contrato de obras “Contrato derivado Lote 1 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23/04/2026

Resultando.- Que con data 07/04/2026 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX\_WEB2026029616), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de UN (1) MES e ONCE (11) DIAS, , debido a que os continuos días sufridos con condicións climatolóxicas adversas, impediron a execución de unidades de obra en base ás prescricións e calidades impostas nos pregos técnicos que rexen neste contrato, aportando informe meteorolóxico ó efecto, acreditando 61 días de precipitacións importantes dende o 21/12/2025 ata o 06/04/2026.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: 89C2T3RH06ZU6EA7 informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de UN (1) MES e ONCE (11) DÍAS, ata o 31 de maio de 2026. Os partes meteorolóxicos xa os aporta o contratista no seu escrito de solicitude de prórroga e comprenden dende o 20/12/2025 ata o 06/04/2025, no cal se produciu un período de choivas especialmente abundantes e continuadas. Os partes meteorolóxicos axuntados son a partires dos considerados na anterior solicitude de ampliación de prazo, que chegaban ata o 19/12/2025. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin ao prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 58QAFM1UPAHTLO2N, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, do Secretario Xeral da Deputación e do Interventor, no que se recolle o seguinte: “...En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución UN (1) MES e ONCE (11) DÍAS, , sendo a data de finalización deste contrato o día 31/05/2026...”

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación de prazo de UN (1) MES e ONCE (11) DÍAS, na execución do contrato de obras “Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025” establecendo coma data para finalizar a obra o día 31/05/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

17.36968.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO 6-03-2026 (ACORDO Nº 9.36170) RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DA E.P.-4102 LEIRADO-LIRA, DENDE O P.Q. 1+000 ATA O P.Q. 1+877 (CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO). (EXPTE. 2025075629)

Visto o erro padecido no acordo número 9.36170 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 6 de marzo de 2026, relativo á adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño),

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calqueira momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Correxir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

2. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o p.q. 1+000 ata o p.q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)" (Expte 2025075629) , por un importe de 4.886,02 euros, e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....	4.041,50 euros
IVE (21%) .....	844,52 euros
Importe Total .....	4.886,02 euros

DEBE DICIR:



(...)

2. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o p.q. 1+000 ata o p.q. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)" (Expte 2025075629) , por un importe de 4.866,02 euros, e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado ..... 4.021,50 euros  
IVE (21%) ..... 844,52 euros  
Importe Total ..... 4.866,02 euros

18.36969.- ABANDONO DA EMPRESA XENÉTICA FONTAO DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMBRIÓNS BOVINOS DE ALTO VALOR XENÉTICO PARA A GANDERÍA DA FINCA MOURISCADÉ. (EXPTE.-2024062361)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2024, aprobou o expediente para implementar un Sistema dinámico de adquisición para contratar a subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca Mouriscadé.

Posteriormente, en sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024, acordou admitir ás seguintes empresas, nas categorías que se relacionan a continuación:

Categoría I: SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) , XENÉTICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLTEIN S.L.(B63425136).

Categoría II: SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) , XENÉTICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLTEIN S.L.(B63425136).

Categoría III: SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) , XENÉTICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLTEIN S.L.(B63425136).

Categoría IV: SEMEX ESPAÑA, S.A. (CIF: A31292923) , XENÉTICA FONTAO, S.A. (CIF: A27222207) e TRIANGLE HOLTEIN S.L.(B63425136).

Os referidos contratos formalizáronse entre a Deputación de Pontevedra e as citadas empresas con data 20/01/2025 (Xenética Fontao S.A.) 21/01/2025, (Semex España S.A., e TRIANGLE HOLSTEIN S.L.) por dous anos, con efectos desde o 1 de febreiro de 2025 ata o 31 de xaneiro de 2027, establecéndose a posibilidade dous prórrogas cunha duración dun ano.



A empresa XENÉTICA FONTAO S.A., foi invitada a participar nos contratos específicos tramitados no marco do sistema dinámico. Non obstante, transcorrido o prazo de presentación de proposicións, non presentou oferta nas catro últimas licitacións consecutivas:

2025061282: Contrato específico SDA embrións (Categoría II): Subministración de embrións raza holstein in vitro biopsiados ou non.

2025041014: Contrato específico SDA embrións (categoría II) Subministración de trece embrións de alto valor xenético para a Finca Mouriscade.

2025016393: Contrato específico SDA embrións (categoría I) Subministración de embrións de alto valor xenético para a Finca de Mouriscade.

2026019945: Contrato específico SDA embrións (Categoría I): Subministración de embrións de alto valor xenético raza holstein in vivo para a gandería da Finca Mouriscade.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que *“En calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior, debendo transcorrer mais de 30 días desde a adopción da exclusión do SDA polo órgano de contratación”*.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 15-04-2026 no que, a modo de conclusión indica que:

*“Tendo en conta que a empresa Xenética Fontao S.A. (CIF A-27222207) no presentou oferta aos catro últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considerase que abandonou o sistema dinámico para a adquisición para a contratación da Subministración de embrións bovinos de alto valor xenético para a gandería da Finca de Mouriscade, da Deputación de Pontevedra”*.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición de embrións de alto valor xenético para a gandería da Finca de Mouriscade da Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir por abandono á empresa Xenética Fontao (CIF A-27222207) do sistema dinámico para a adquisición de embrións de alto valor xenético para a gandería da Finca de Mouriscade, de conformidade co previsto no apartado 7 do PCPA, pola súa falta de participación en catro contratos específicos consecutivos.



2. Notificar o presente acordo á empresa interesada interesada informándolle de que o abandono do sistema non impide a súa solicitude de reincorporación nun momento posterior, sempre que cumpra os requisitos de solvencia e capacidade esixidos.

19.36970.- VALIDACIÓN DA ABRIGA DE GASTO RELATIVA Á CERTIFICACIÓN NÚM. 7 DA OBRA “CONTRATO DERIVADO LOTE 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025” (EXPTE.2025042244)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/07/2025 acordou adxudicar a empresa UTE NAROM, SL - AUDECA, SL (NIF U72478480) o “*contrato derivado Lote 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*”, por un importe de 738.122,47 € (IVE engadido), estimándose un prazo de execución de SEIS (6) MESES (CSV: CM1FFDWO2P399HM6).

Resultando.- Que con data 29/08/2025 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 28/02/2026 (CSV: 7P70793W19I3UCVM).

Resultando.- Que en data 07/04/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 7 ordinaria polo período comprendido entre o 1 e o 28 de febreiro de 2026, por importe de 88.126,21 € (CSV: CMZ3TG4MRWHAOKZV).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 7, esta devólvea informada en data 13/04/2026 (CSV: MRLR377SPP93YDHP) concluíndo que “*dado que a expedición da certificación non cumpre o prazo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno*”, e facendo constar as seguintes observacións:

*“Apréciase unha demora importante na expedición da certificación, xa que comprende as obras executadas durante o mes de febreiro de 2026 e a súa expedición realizouse o 7 de abril de 2026, excedendo amplamente o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde, establecido no art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público”.*

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.



Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 7 da obra “*Contrato derivado Lote 2 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2025*”, polo importe bruto de 88.126,21 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
UTE SEGURIDAD VIAL DIP CENTRO. NAROM SL Y AUDECA SLU UNION (U72478480)	2026/456.4530.61201.2024	88.126,21 €
	Descontos	
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	2.448,12 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	1.995,10 €
	Total descontos	4.443,22 €
	<b>TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR</b>	<b>83.682,99 €</b>

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

20.36971.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE ENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO BALNEARIO DE CALDELAS” CONCELLO DE TUI. (EXPTE. 2022044362)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.



Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 21 de outubro de 2022 adxudicoulle ao Concello de Tui unha subvención por un importe máximo de 14.149,38 euros ao proxecto “Acondicionamento da contorna do balneario de Caldeas. Concello de Tui”. Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 26/456.9420.762.10/21 e 26/456.9420.762.10/22.

Terceiro.- En data 4 de decembro de 2023 o Concello de Tui remite o proxecto técnico, incumprindo a base décimo quinta das Bases Reguladoras publicadas no BOPPO nº 96, do 20 de maio de 2022:

- *Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.*

Cuarto.- En data 11 de marzo de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica desfavorable respecto das bases CSV: LIWI9K0KZPOXX2W3.

Quinto.- En data 16 de marzo de 2024 con rexistro WEB2024019542, o Concello de Tui remite emenda do proxecto técnico.

Sexto.- En data 7 de maio de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten o segundo informe de validación técnica desfavorable respecto das bases CSV: TST4X5APA8ZTL9I1.

Sétimo.- En data 18 de setembro de 2024, o Concello de Tui achega co rexistro WEB2024058914 a documentación emendada.

Oitavo.- En data 18 de outubro de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable respecto das bases CSV: 7U6Y396D87NEGUSS.

Noveno.- En data 24 de outubro de 2024, o Concello de Tui completa a remisión da documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora. Recibida a devandita documentación en prazo polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Informe dunha técnica ou técnico municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos de carácter técnico establecidos na base reguladora cuarta e se corresponde coa memoria presentada coa solicitude.
- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.
- Xustificación dos gastos:
  - o Certificación do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto.
  - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
  - o Aprobación dos gastos polo órgano municipal competente.
- Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.



- Certificación da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade. Extremo que foi verificado polo técnico que asina este informe.
- Informe de validación técnica favorable (xunto co informe complementario no que se deixa constancia de que os técnicos da Deputación procederon á verificación das superficies declaradas no informe dunha técnica/-o municipal).

Décimo- En data 29 de novembro de 2024, os servizos administrativos da Deputación de Pontevedra emiten informe (CSV: A7YC5ME21RUN56FZ) relativo á xustificación e abono da subvención. Revisados os gastos xustificadas, compróbase que estes ascenden a un total de 15.717,90 € (IVE incluído).

Décimo primeiro.- En data 20 de marzo de 2025 o Servizo de Intervención indica que a aprobación do gasto debe seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito.

Décimo segundo.-O 27 de xaneiro de 2026 a Xefatura do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emite informe (CSV: ZHXR52FMXCWJ7KGU), propoñendo á Xunta de Goberno a aprobación do gasto por importe de 14.146,11 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022.

Décimo terceiro.- O 13 de abril de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de “FISCALIZADO E CONFORME” ao informe (CSV: ZHXR52FMXCWJ7KGU) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito o que permite continuar coa tramitación.

De acordo coas bases da convocatoria, nas que se establecía unha subvención de ata o 90% do gasto xustificable e un custo máximo subvencionable de 15.721,53 euros, o Concello de Tui xustificou finalmente un gasto total de 15.717,90 euros, polo que lle corresponde unha subvención de 14.146,11 euros.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello de Tui presentou fora de prazo o proxecto.
- Verificouse que o Concello de Tui presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que se comprobou material e formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Consta dilixencia favorable de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta do Goberno.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Tui para a redacción do proxecto “*Acondicionamento da contorna do balneario de Caldelas. Concello de Tui*”, por un importe total de 14.146,11 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento provincial.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Concello de Tui, e dar traslado a Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

21.36972.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE USUARIOS DA TRAÍDA DE AUGAS DO ROLLO PARA O INVESTIMENTO “LEGALIZACIÓN DA COMUNIDADE DE USUARIOS DA TRAÍDA DE AUGAS DO ROLLO” INCLUÍDO NO PROGRAMA +NOVAQUA 2025. (EXPTE. 2025015188)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

**“Primeiro.-** A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

**Segundo.-** Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 6.35602 de data 07 de novembro de 2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan +NOVAQUA 2025, por importe de 6.000,00 euros á comunidade de abastecemento manancial Restvelas co obxecto do financiamento do investimento “legalización da comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo” en base a un orzamento polo mesmo importe. Expediente: 2025015188.

**Terceiro.-** En data 13/03/2026 dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación (WEB2026019713), emendado na data 09/04/2026 (con número de rexistro WEB2026030707), oficio da Comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo nos que xuntan a documentación relativa ao investimento denominado “legalización da comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo” e demais documentación xustificativa e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 16/03/2026, o facultativo técnico de Cooperación presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: CT4U7TLTOBXTDZKM.

**Cuarto.-** En data 10/04/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existen informes desfavorables da Intervención provincial de datas 3 de novembro de 2025 (CSV: QNWXWWGJACV2B8NG) e 14 de outubro do 2025 (CSV: OF1FXQSZQV5LJKHV), respecto á modificación de crédito que motivou a concesión das solicitudes en lista de agarda ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025 entre as que se atopaba a solicitude presentada pola Comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo.



**Quinto.-** Dado que a Comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo con CIF V21631221, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 6.000,00 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*O xefe do servizo de Cooperación*

*Marcos Areán González*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación e da intervención provincial de datas 10/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 6.000,00 euros a favor da Comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo, con CIF V21631221, ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á Comunidade de usuarios da traída de augas do Rollo, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

22.36973.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES: 2026029031, 2026029551, 2026029566, 2026030791)

a) Vista a relación de operacións con número 2026029031 (CSV: KA73CD6QIM9AV6DO) que contén 14 operacións por un importe de 57.004,26 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	57.074,24 €
IVE soportable deducible .....	25,02 €
Retencións .....	95,00 €
Total líquido .....	57.004,26 €
...	



b) Vista a relación de operacións con número 2026029551 (CSV: 3L1MUQ9WJ3TM5SWX), que contén 6 operacións por un importe de 1.587,48 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	1.587,48 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	0,00 €
Total líquido .....	1.587,48 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026029566 (CSV: 26Q2IA5EEHJBJVFT) que contén 1 operación por un importe de 907,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	907,50 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	0,00 €
Total líquido .....	907,50 €

d) Vista a relación de operacións con número 2026030791 (CSV: 3F15807814Y34FWA) que contén 5 operacións por un importe de 1.179,17 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....	1.302,67 €
IVE soportable deducible .....	0,00 €
Retencións .....	123,50 €
Total líquido .....	1.179,17 €




23.36974.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE MEIS. (EXPTE. 2024040513)

Dada conta que con data de rexistro 03/10/2024 (rex. núm. 2024018563) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de Axa e de D. Rubén Outeda Alba (AX 2024/1894 – 6021040558), por danos en vehículo producidos a consecuencia do impacto contra unha árbore que caeu sobre a calzada da estrada provincial E.P. 9405 San Martiño-Armenteira-Busto, no Concello de Meis, o día 22/03/2024, e que foi cuantificada economicamente 1.113,51 euros.


Resultando.- Que con data 06/11/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 12/02/2025, co seguinte contido literal:

*Primeiro.- A estrada EP-9405 SAN MARTIÑO –ARMENTEIRA –BUSTO pertence á rede provincial de estradas.*



*O accidente tivo lugar no punto quilométrico 2+700 (marxe dereita) desta estrada provincial.*





*Segundo.- Este servizo foi notificado ás 22.13 horas do 22 de marzo do ano 2024, por parte do 112-SOS GALICIA, por “árbore tirado”. A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).*



Parte de Vías e Obras

Ano  Parte  Finalizado

**Datos Rexistro**

Data

Comunica

Incidencia

Concello  Estrada

Ubicación  K.M.

Brigada  Zona

**Seguimento**

	<input type="text" value="22/03/2024"/>	<input type="text" value="22:13"/>	<input type="text" value="Alberto"/>	Horas Normal	Horas	Minutos
Comunicado	<input type="text" value="22/03/2024"/>	<input type="text" value="22:13"/>	<input type="text" value="Alberto"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="text" value="0"/>	<input type="text" value="0"/>
Finalizado	<input type="text" value="22/03/2024"/>	<input type="text" value="00:21"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Extra	<input type="text" value="0"/>	<input type="text" value="0"/>

Notas

**Categoría Apellido1 Apellido2 Nome Plantilla**

Capataz	Gomez	Blanco	Victor Mael	02235
Peón	Acuña	Barros	Sergio	0000111
Peón	Curros	Crisóstomo	José	0061611

*Terceiro.- A árbore estaba en bo estado, non estaba seca. O motivo da caída foi a consecuencia das fortes rachas de vento.*

*A devandita árbore foi retirada pola brigada responsable alertada a través do 112 con posterioridade ao accidente.*

*Cuarto.- O tempo de resposta segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o accidente estímase en 20 minutos aproximadamente.*

*Quinto.- A citada árbore estaba situada na zona de servidume dentro dunha propiedade privada.*

*Os datos da parcela son os seguintes:*





**Sede Electrónica del Catastro**

**Consulta y certificación de Bienes Inmuebles**

[← Volver](#)

CARTOGRAFÍA  
CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA  
IMPRIMIR DATOS  
VISOR 3D

**DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE**


Referencia catastral: 36028422132518000045  

Localización: Polígono 221 Parcela 32518  
OUTEIRO GRANDE, MEIS (PONTEVEDRA)

Clase: Rústico

Uso principal: Agrario

**PARCELA CATASTRAL**



Localización: Polígono 221 Parcela 32518  
OUTEIRO GRANDE, MEIS (PONTEVEDRA)

Superficie gráfica: 52.209 m<sup>2</sup>

**CULTIVO**

Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m <sup>2</sup>
a	MM Pinar madarable	03	52.109
b	I-Improductivo	00	100

¿Cómo se pueden obtener datos protegidos (titularidad y valor catastral) de los inmuebles y certificados telemáticos de los mismos?



Documentación Exp. EXP\_DOC\_2024040513\_2025-01-09-11-02-46

12/12/24, 18:59

Sede Electrónica del Catastro - Consulta y certificación de Bien Inmueble

### Consulta y certificación de Bien Inmueble

#### FECHA Y HORA

Fecha  
12/12/2024  
Hora  
18:59:14

#### DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Referencia catastral  
36028A221325180000XS  
Localización  
Polígono 221 Parcela 32518  
OUTEIRO GRANDE. MEIS (PONTEVEDRA)  
Clase  
Rústico  
Uso principal  
Agrario  
Valor catastral  
2.704,28 €  
Año valor  
2024  
Valor catastral suelo  
2.704,28 €  
Valor catastral construcción  
0,00 €  
Fecha de modificación en Catastro  
01/07/2014  
Fecha de la alteración  
24/06/2014

#### PARCELA CATASTRAL



Localización  
Polígono 221 Parcela 32518  
OUTEIRO GRANDE. MEIS (PONTEVEDRA)  
Superficie gráfica  
52.208 m<sup>2</sup>

#### TITULARIDAD

<https://www.sedecatastro.gob.es/CYCBienInmueble/SECImprimirDatos.aspx?RefC=36028A221325180000XS&del=36&mun=28&UrbRus=R&fina...> 1/2

36028A221325180000XS\_Consulta\_certificacion\_Bien Inmueble.pdf

120 / 124



Apellidos Nombre/Razón Social  
CONCELLO DE MEIS  
NIF/NIE  
P3602800I  
Domicilio  
AV CAMBADOS 67 MOSTEIRO (O)  
36637 MEIS (PONTEVEDRA)  
Derecho  
100,00% de Propiedad  
Fecha de modificación en Catastro  
28/11/2023  
Fecha de la alteración  
22/05/2019

**CULTIVO**

Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	Intensidad Productiva	Superficie m <sup>2</sup>
a	MM Pinar maderable	03	52.108
b	I- Improductivo	00	100

*Sexto.- FRECUENCIA NA REVISIÓN PERIÓDICA DA ESTRADA PROVINCIAL*

- *Recorrido vixiante de zona: mínimo unha vez cada 1 semana*
- *Recorrido brigada responsable: unha vez cada semana*

*O vixiante de estradas responsable da zona, José Luis Galiñanes, afirma que recorreu a estrada o día previo ao accidente.*

*María Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---

Resultando.- Que, á vista da ficha catastral remitida polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, na que consta como titular da parcela o Concello de Meis, con data 23/01/2025, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, emprazouse ó citado Concello como interesado no procedemento, conferíndolle un prazo de dez días para que puidera realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 29/01/2025, co seguinte contido:

*(...) Non consta nas dependencias municipais ningún tipo de queixa, reclamación de danos ou posta en coñecemento da caída de ningunha árbore o día 22 de marzo e no punto quilométrico especificado da estrada EP-9405.*



*Segundo consta na documentación que acompaña o ofrecemento de accións, en concreto no punto terceiro do informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, a árbore estaba en bo estado, non estaba seca. Imputando o motivo da caída da árbore ás fortes rachas de vento.*

*Neste sentido, e consultados os datos históricos da rede galega de meteoroloxía para o día 22/03/2024 na estación emprazada no monte Castrove, situado nas proximidades do lugar, cumpre sinalar que na media hora anterior á chamada do 112-SOS Galicia se constataron refachos de vento de 71 km/h e unha velocidade media constante do vento próxima ós 50 km/h.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Recóllese no informe estadístico do Destacamento de Pontevedra que o accidente tivo lugar ás 21:55 horas, sen luz natural nin artificial.
- Firme seco e limpo e boa visibilidade.
- Trátase dun tramo recto con trazado plano con marxes arboradas.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a brigada desprazouse ó lugar para retirar a árbore, tardando en chegar ó lugar, aproximadamente, 20 minutos.
- A árbore caeu a consecuencia das fortes rachas de vento.
- A árbore estaba situada na zona de servidume, dentro dunha parcela propiedade do Concello de Meis.
- O vixiante de estradas responsable da zona, percorreu a estrada o día previo ó accidente.
- Non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade -en síntese, de imprevisibilidade e inevitabilidade-, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana, ó que non é allea a conducción de vehículos a motor.



Considerando.- Que segundo o Informe Estatístico do Destacamento de Pontevedra, achegado polo reclamante xunto coa instancia, o vehículo circulaba por un tramo recto e plano, sen iluminación e coas marxes arboradas, chocando o vehículo contra as ramas da árbore atravesada sobre a calzada; recolléndose, ademais, no informe do Servizo de Infraestruturas, que a árbore caeu a consecuencia das fortes rachas de vento; factores todos eles concorrentes que inducen a pensar que, de terse adecuado a velocidade ás circunstancias esixidas polas condicións meteorolóxicas e polo estado da vía, o accidente podería non terse producido, o que fai descansar a responsabilidade, sequera de xeito indiciario, no condutor do vehículo, vinculada coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación:

*“Todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”.*

Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos exprésase o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”.*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou aproximadamente 20 minutos en chegar ó lugar do accidente para a limpeza e reposición da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra,



sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021, 76/2022 e 277/2023, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012, 197/2022 e 65/2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e relativas á caída de árbores na estrada, eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Así, a Sentenza 85/2021, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra establece o seguinte:

*(...) No consta que el árbol hubiese permanecido un prolongado período de tiempo sobre la calzada. En cuanto la Diputación recibió el primer aviso, procedió en poco tiempo a señalizar y limpiar la calzada.*

*Con la prueba practicada el actor no ha conseguido demostrar que la Diputación provincial haya incurrido en un defectuoso funcionamiento de su servicio público de conservación de la carretera en adecuadas condiciones de seguridad.*

*El siniestro se produjo o bien por la culpa exclusiva de un tercero (propietarios de la finca colindante que no mantuvieron adecuadamente sus árboles), o bien por causa de fuerza mayor (temporal de lluvia y viento). Pero no por culpa de la Diputación provincial”.*

Do mesmo xeito, a Sentenza 197/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o que sigue:

*Es por ello por lo que no resulta posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública; así, lamentablemente, y aún asumiendo que los daños materiales asociados al accidente lo fueron a causa de un obstáculo en la vía sin que se hubiera demostrado ninguna responsabilidad en el comportamiento del conductor del vehículo siniestrado en el informe estadístico ARENA emitido por la GC con motivo del accidente ni deducible del resto de la prueba, e incluso asumiendo que en ese punto difícilmente el tramo, y la presencia del obstáculo sobre él, tenían suficiente visibilidad ya que el siniestro sucede de madrugada sin que el punto en cuestión dispusiera de alumbrado; de todos modos, y a pesar de todo lo expuesto, no estamos ante un caso en que sea posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública demandada en su condición de titular de la vía.*

*Entiendo que este es uno de esos casos paradigmáticos en que lamentablemente para el reclamante no es posible reconocer que la administración por el mero hecho de ser la titular de la vía y estar obligada a mantenerla en buen estado de conservación vigilando que sirva a su fin de forma segura, pueda declararse responsable en los términos pretendidos porque no se ha conseguido demostrar que tal administración, y su servicio competente, hubiera descuidado, en su comportamiento a la hora de vigilar el tramo, lo que serían sus obligaciones “razonables”, incumpliendo con ello con lo que se viene llamando estándares razonables de actuación que cabría exigirle.*



*Y no se ha demostrado que en el ejercicio de esa obligación o función los servicios competentes a tal fin de la Diputación hubieran actuado fuera de los estándares razonables a exigirle como conservadora de la carretera; y tampoco se ha demostrado, por otra parte, que un posible defecto en las raíces o una enfermedad que pudiera padecer el elemento arbóreo que causó el siniestro pudiera deberse, tampoco, a una falta de diligencia de la administración o su adjudicataria, contratista, en detectar ese riesgo porque estamos ante la presencia de un árbol que estaba plantado, además, en una zona privada”.*

Considerando.- Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estableceu un criterio restritivo sobre este tipo de reclamacións (colisións por obxectos ou substancias na calzada), entre outras moitas, nas súas sentenzas de 21/12/2011 (rec. 7109/2011) e 27/10/2011 (rec. 4134/2010). En ditas sentenzas insístese en que:

*“La razón determinante del accidente fue una circunstancia ajena al obrar de la Administración con causa en actos ajenos, que nada tiene que ver con el funcionamiento de un servicio público, sin que la obligación de mantener la calzada limpia de objetos extraños sea absoluta, sino en relación a estándares mínimos y no consta acreditado una ausencia o defecto de mantenimiento, siendo la circulación de vehículos una actividad de riesgo que exige una atención en los conductores que les permita observar un elemento obstaculizador perfectamente visible”.*

Así mesmo, a Sentenza 275/2022 de 06/04/2022 (rec. 343/2020):

*“En consecuencia, al encontrarnos ante un supuesto de fuerza mayor y, no estando, por tanto, acreditada la exigible relación de causalidad entre el daño producido y el funcionamiento anormal de los servicios que se denuncia, falta uno de los requisitos en este supuesto el más esencial para la prosperabilidad de la acción de responsabilidad patrimonial, es decir, la conducta antijurídica, ya por acción ya por omisión, lo que conduce a la desestimación del recurso”.*

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a última revisión periódica desa vía realizouse polo vixiante de estradas da Deputación responsable da zona o día antes do accidente, sen apreciarse ningunha incidencia ou circunstancia anómala.

Considerando.- Que consta no expediente a ficha catastral correspondente á parcela lindeira da que procedía a árbore, de titoridade do Concello de Meis; polo que podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle a este a hipotética responsabilidade.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



24.36975.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DO PORRIÑO (EXPTE. 2025023192)

Dada conta que con data 08/04/2025 (núm. rex. WEB2025026845), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Giménez Campos en representación de D. Emilio Estévez Acevedo, por danos en vehículo producidos, segundo manifesta, a consecuencia dunha tapa de rexistro levantada na intersección das estradas provinciais E.P. 2401 e E.P. 2402, no Concello de O Porriño, o día 08/06/2024, e que cuantificou economicamente 460,70 €.

Resultando.- Que aporta o reclamante, xunto coa instancia, informe estadístico do Destacamento do Porriño, no que se recolle no apartado da descrición do accidente, o seguinte:

*(...) Accidente de circulación con resultado de daños materiales de escasa consideración (daños en rueda delantera derecha causados presuntamente por tapa de alcantarillado).*

*El conductor del vehículo Audi circulaba por la E.P. 2401 y a la altura del PK 2.500 gira a la derecha para tomar la E.P. 2402, pasando sobre una tapa de alcantarillado que se encuentra sobre el arcén (...) A la llegada de los agentes la tapa se encuentra correctamente colocada tapando el registro, al parecer por el conductor y por otra persona que se encuentra en el cruce regulando la circulación por la celebración de una prueba ciclista, por lo que no se puede corroborar la versión del conductor (...)*

Resultando.- Que con data 21/05/2025, e de conformidade co artigo 18 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriuse ó interesado para que subsanara a instancia aportando certificación feita pola aseguradora do vehículo, na que deixara constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro, remitindo o citado documento na data 27/05/2025.

Resultando.- Que, advertida discordancia entre a data do sinistro sinalada na instancia (02/08/2024) e a recollida no informe estadístico do Destacamento de O Porriño (08/06/2024), requiriuse ó interesado para que aclarara a mesma, remitindo escrito na data 09/07/2025, no que sinala que o accidente tivo lugar o día 8 de xuño de 2024, sobre as 16:30 horas.

Resultando.- Que con data 09/07/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2025008073, de data 06/10/2025, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse nese intre pendente da emisión do citado informe por parte do Servizo de Infraestruturas, non sendo factible a súa resolución no prazo establecido.



Resultando.- Que con data 24/10/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación emite informe co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- O sinistro localízase na intersección entre a EP-2401 coa EP-2402. Dito punto localízase na Rede de Estradas da Deputación Provincial.*



*SEGUNDO.- A intersección está perfectamente definida aínda que non haxa beirarrúas nese punto, xa que as liñas do borde da calzada están pintadas delimitando a zona de circulación. Para poder circular por enriba da tapa de rexistro, o vehículo tivo que pisar a marca vial da marxe dereita da calzada que nese punto é unha liña continua. A liña descontinua comeza unha vez rebasadas as tapas, e é onde pode xirar o vehículo á dereita. É probable que o vehículo circulase a unha velocidade alta e quixera atallar collendo a curva pisando a berma ou arcén (área non transitable), onde se atopan ditas tapas.*

*IMAXE TOMADA DO INFORME/ATESTADO POLICIAL:*



TERCEIRO.- Segundo describe o atestado da Garda Civil, o vehículo sinistrado atópase cunha tapa dun pozo de rexistro fóra do seu sitio e golpea con ela producindo danos no mesmo.

Trala visita ó lugar do incidente polo persoal de vixilancia desta Deputación, conséntase que o pozo de rexistro no que se produciu o accidente atópase fóra da calzada e pertence á rede de pluviais da estrada.



CUARTO.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente. Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores ou posteriores.

Non se estaba a realizar ningún tipo de obra no lugar indicado.

Non houbo constancia do acontecido, xa que non se deu aviso á brigada da zona.

QUINTO.- En referencia á data da última revisión periódica da vía antes de producirse o sinistro, non hai parte de rexistro de dita revisión, pero estas revisións se realizan por parte do Servizo de conservación cunha periodicidade semanal, polo que se deben percorrer a vía entre os días 3 (luns) e 7 (venres) de xuño de 2024, sen atopar ningunha incidencia reseñable nese tramo de vía.

María Elena Pérez Alonso  
Enxeñeiro

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O incidente tivo lugar a plena luz do día, ás 16:30 horas do 8 de xuño.
- Segundo o recollido no atestado había boa visibilidade e co asfalto seco e limpo.
- Recóllese, na descrición realizada polos axentes no atestado, que o vehículo pasa, presuntamente, por riba dunha tapa de alcantarillado que se atopa no arcén.
- Manifestan, asemade, que non poden corroborar a versión do condutor, xa que á chegada dos axentes a tapa está correctamente colocada.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, a intersección está perfectamente definida, xa que as liñas do borde da calzada están pintadas delimitando a zona de circulación.
- O vehículo tivo que pisar a marca vial da marxe dereita da calzada, que nese punto é unha liña continua, para poder pasar por riba da tapa, circulando probablemente a unha velocidade alta e collendo a curva pisando a berma ou arcén (área non transitable), onde se atopan ditas tapas.
- Trala visita ó lugar do incidente polo persoal de vixilancia desta Deputación, constátase que o pozo de rexistro no que se produciu o accidente atópase fóra da calzada, tal e como se amosa -coa indicación "pluviais"- na seguinte fotografía, extraída do informe do Servizo de Infraestruturas:



- As revisións periódicas da vía realízanse por parte do Servizo de conservación cunha periodicidade semanal, polo que a mesma debeuse realizar entre os días 3 (luns) e 7 (venres) de xuño de 2024, sen atoparse ningunha incidencia reseñable nese tramo.

Considerando.- Que os danos reclamados teñen a súa orixe no comportamento exclusivo do condutor do vehículo que, na manobra realizada, tivo que atravesar a marca vial que delimita a calzada -que nese punto é unha liña continua- invadindo o arcén e circulando por fóra da zona destinada á circulación dos vehículos, o que impide a declaración de responsabilidade que se pretende respecto da Administración Pública, non podendo imputárselle a esta a responsabilidade pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o artigo 30 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, establece, respecto da utilización dos carrís de circulación, que *se circulará por la calzada y no por el arcén*.

Considerando.- Que o artigo 132.1 do R.d. 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación establece o seguinte:

*“...Todos los usuarios de las vías objeto de la Ley están obligados a obedecer las señales de la circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”*

Considerando.- Que a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

*“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”*

En idénticos termos se expresa o xa citado R.d. 1428/2003, que no seu articulado recolle o seguinte:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”*

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



25.36976.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO 20-02-2026 (ACORDO 13.3610) POLO QUE SE APROBA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA “+ XUNTAS 2026 E 2027” “(EXPTE. 2025058831)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de febreiro de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de execución do programa + Xuntas 2026 e 2027*”.

Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de febreiro de 2026. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando que, unha vez rematado a prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de marzo de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sendo admitida a única empresa que presentou oferta: Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203). A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da única empresa admitida. Os valores ofertados por dita empresa constan no certificado da mesa de contratación con CSV: Y3S1Z5E35LA9O3G.

Resultando que feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20 de marzo de 2026, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceder á adxudicación do contrato a favor da empresa Xestión Cultural Aurea SL, polos prezos e valores ofertados.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 24/03/2026, comproba que a empresa Xestión Cultural Aurea SL, atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 3041, O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, alta no IAE así como de estar ao corrente coas obrigas tributarias e de Seguridade Social e demais circunstancias inscritas.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026002473 de 27 de marzo de 2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



Resultando que a empresa Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026033625, de data 16 de abril de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 34.607,71 € (carta de pago núm. operación 12026000069819, do 16 de abril de 2026).

Visto que no acordo da Xunta de goberno de data 20 de febreiro de 2026 polo que se aproba o expediente de contratación se produciu un erro material no importe total do gasto autorizado e na súa distribución ao non concordar co importe indicado no prego de cláusulas económico-administrativas que foi aprobado en dito acordo.

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando o artigo 109.2 da lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das Administracións públicas que establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Rectificar un erro material no acordo da Xunta de Goberno de data 20 de febreiro de 2026 polo que se aproba o expediente de contratación do servizo de execución do programa + Xuntas 2026 e 2027, con respecto ao importe total do gasto autorizado e a súa distribución de acordo co seguinte:

Onde di:

3. *Autorizar o gasto con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:*

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total co IVE
2026	26/250.2315.227.07	339.682,53 €
2027	27/250.2315.227.07	351.340,91 €

Debe dicir



3.- Autorizar o gasto por importe de 692.154,18 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/250.2315.227.07	339.678,72 €
2027	27/250.2315.227.07	352.475,46 €
		692.154,18 €

2.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de execución do programa “+ Xuntas 2026 e 2027” á empresa Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203). polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1.- Prezo total ofertado (sen iva) para dous anos de contrato e considerando a celebración de 207 obradoiros por ano:

Importe sen o IVE: 571.999,00 €

IVE (21.%): 120.119,79 €

Importe total ofertado 692.118,79€

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, e (2) persoal administrativo con formación en Igualdade (Máster en Igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnico/a superior en Promoción de Igualdade de xénero),

Nº de persoas con formación en Igualdade: 0 personas

3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (Máster en igualdade de Xénero outorgado por unha Universidade e/ou técnico/a superior en Promoción de Igualdade de xénero). Excluíndo deste punto as persoas docentes que impartirán o módulo de igualdade.

Nº de persoas con formación en Igualdade que a empresa se compromete a adscribir a execución do contrato: 0 personas.

4.- Compromiso de aportar un/ dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que baxa polo menos unha persoa con discapacidade:

SI  Non

Financiamento: O contrato será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usurarias participantes :

- A persoa participante das accións formativas aboará a cantidade fixa de 7,00 euros por obradoiro.
- A Deputación de Pontevedra achegará a cantidade resultante de descontar do prezo final ofertado por obradoiro o importe pagado polas persoas beneficiarias participantes no obradoiro (7,00 euros/persoa).

Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/250.2315.227.07	339.678,72 €
2027	27/250.2315.227.07	352.475,46 €
		692.154,18 €

Forma de pagamento: parcial

Fitos de facturación:



O pagamento efectuarase por prezos unitarios de cada unha das accións formativas.  
A Deputación non se compromete a realizar un número mínimo de obradoiros xa que o número dependerá do número de entidades solicitantes tendo en conta que para levar a cabo cada obradoiro será necesario reunir un número mínimo de 12 persoas antes do inicio de cada obradoiro.

O prezo unitario a pagar por obradoiro será o resultante de aplicar a baixa ofertada pola empresa ao orzamento base de licitación unitario por obradoiro que se detalla na cláusula 3 do presente prego (1.356,17 € no ano 2026 e 1.407,25 € no ano 2027).

De dito importe deberá descontarse a cantidade pagada polas persoas participantes (7€ por cada persoa participante en cada obradoiro).

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse cunha periodicidade mensual contra a presentación das correspondentes facturas unha vez rematadas ditas accións formativas.

As facturas deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Listaxe nominal das persoas participantes nas accións formativas.
- Memoria individual de cada unha das accións formativas acompañadas da documentación especificada no prego técnico. Dita memoria debe contar co visto e prace do Servizo de Igualdade.

NOTA: Unha vez presentada a factura dunha acción formativa e nun prazo máximo dun mes dende a presentación da mesma, a empresa adxudicataria deberá presentar un xustificante de pagamento ao persoal docente para achegar ao expediente de cada acción formativa e deixar constancia así do correcto funcionamento do programa.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. De expte.:	2025058831	
Órgano xestor:	LA0007803	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: a xefa do Servizo de Igualdade.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

26.36977.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE TÉCNICO PARA O EQUIPAMENTO INFORMÁTICO ASOCIADO AO PROXECTO “TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS” DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.- 2026007856)

Vista a providencia de inicio do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 17/02/2026 (CSV: JSV8X4E7HCMAXP39), para a contratación do “Servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto “TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS” da Deputación de Pontevedra”, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes. Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.

O proxecto “Tourist Inside Rías Baixas” responde a unha iniciativa para avanzar na transformación da provincia de Pontevedra como Destino Turístico Intelixente, mellorar a eficiencia asociada á actividade turística, promover o acceso transparente e universal aos datos públicos dos servizos por parte de cidadáns, visitantes, profesionais e empresas, e impulsar métricas de medición da satisfacción cidadá e dos seus visitantes. Con este proxecto dotouse de diverso equipamento informático á rede de oficinas INFO RIASBAIXAS e á actual sede do Servizo de Turismo Rías Baixas, despregáronse elementos de sinalización dixital, tanto exteriores como interiores, e elementos relacionados coa sensorización dos espazos abertos que forman parte dun piloto Smart Beach (para as medicións de consumo de auga en duchas, xestión de residuos, control de aforamento, temperatura, vento, precipitacións, etc.) Para poder soste o correcto funcionamento do conxunto das solucións postas en funcionamento coa implementación deste proxecto de turismo (aplicacións, servizos, dispositivos e equipos informáticos) requírese a prestación dos servizos profesionais de mantemento e soporte técnico por parte dun provedor especializado que dispoña da capacidade suficiente para prestar estes servizos, xustificándose así a necesidade e idoneidade desta contratación.



A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo de mantemento xa que non conta con persoal especializado nesa materia, en canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 12x7 ( durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

As actividades do servizo de Novas Tecnoloxías, e ésta en concreto, baseanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d) da Lei de Bases de Réxime Local. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Resultando que, con data 26/02/2026, Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000043237, polo importe de 43.916,40 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433.4320.227.99 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito futuro número 12026000043242, polo importe de 21.958,20 € con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 433.4320.227.99 do orzamento provincial correspondente ó exercicio do ano 2027, para atender os gastos derivados de esta contratación.

Resultando que Secretaría Xeral, con data 12/03/2026, informa favorablemente o expediente.

Resultando que Intervención, con data 15/04/2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións:

*“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ao mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é relevante e que, ao mesmo tempo, son un tanto imprecisos, fai difícil a posterior comparación entre as ofertas polo que, no informe técnico de valoración das ofertas deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.*

*Estes criterios teñen carácter vinculante e deberán ser obxecto de seguimento e verificación polo servizo xestor durante a execución do contrato.”*



Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: PVSZXEXGSCY239SQ) na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo, e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario segundo o artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto “TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS” da Deputación de Pontevedra”.

O contrato terá un prazo de duración dun (1) ano, a contar dende a data da súa formalización, establecéndose a posibilidade de dúas (2) prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 65.874,60 €.

O valor estimado é de 163.325,46 euros.



2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 7V2RSA4NM81UIOJB) e de prescricións técnicas (CSV: UDA7XKKFDD0CXVNY) que rexerán dita contratación.
3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 65.874,60 €, dos cales a cantidade de 43.916,40 € irá con cargo á aplicación orzamentaria 433.4320.227.99 do vixente orzamento provincial, e a cantidade de 21.958,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 433.4320.227.99 do orzamento provincial correspondente ó exercicio do ano 2027.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4. Nomear responsable do contrato a Marta Parada Lorenzo, Xefa do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.
5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

27.36978.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO 13-02-2026 (ACORDO 13.36062) RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO LOTE Nº 1 DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E LICENZAS DE SOFTWARE PARA REFORZAR O SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN (EXPIE. 2025070269)

Visto que advertido un erro aritmético no acordo da Xunta de Goberno de data 13 de febreiro de 2026, polo que se adxudica o contrato de subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra concretamente o lote nº 1 Equipos de escaneado para posta usuario Citrix, á empresa INFORHOUSE S.L. (B36112803), de acordo co seguinte prezo ofertado:

Prezo sen IVE	26.575,00 €
IVE (21%)	5.580,75 €
Prezo total con IVE	31.155,75 €



Resultando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o citado acordo da Xunta de goberno de data 13 de febreiro de 2026 no seguinte senso:

Onde di

LOTE 1 - Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix

INFORHOUSE S.L. (B36112803)

Prezo sen IVE	26.575,00 €
IVE (21%)	5.580,75 €
Prezo total con IVE	31.155,75 €

Debe dicir:

LOTE 1 - Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix

INFORHOUSE S.L. (B36112803)

Prezo sen IVE	26.575,00 €
IVE (21%)	5.580,75 €
Prezo total con IVE	32.155,75 €

28.36979.- COMUNICACIÓNS.

Non houbo.



29.36980.- FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Non houbo.

30.36981.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Vicesecretaria que dou fe.

